

O martes 12 de Decembro ás 11.30h, terá lugar, no salón de actos do campus de Esteiro, Ferrol, un encontro profesional con **Begoña M<sup>a</sup> Paz Buján**, Directora de administración, financeiro, e RRHH en **Gabadi S.L.**, para falarnos das potencialidades profesionais no sector das Relacións Laborais

**Dna.: Begoña María Paz Buján** iniciou a súa actividade en **Gabadi** no departamento administrativo en 1995 asumindo funcións de auxiliar administrativo, e a partir de ano 1996 é nomeada Xefa de administración. Actualmente é Directora de Administración, Financeiro e RRHH en Gabadi,S.L.

Gabadi é unha empresa naronesa de habilitación e auxilios para a industria naval, asociada dende hai máis de 25 anos a experiencia e perfección na habilitación de espazos.

Traballando para o sector off shore, militar, ferries, naval convencional, etc., conseguiu estar presente en diferentes lugares como Australia, Mexico, Qatar, Dubai, Singapur, Canadá, Colombia e Europa

#### Programa

- 11:30 Presentación do encontro a cargo de **D. Jose Luis López Fernández** *Decano da Facultade de Ciencias do traballo*
- 11:40 Encontro profesional con **Dna. Begoña María Paz Buján** *Directora de Administración, Financeiro e RRHH en Gabadi SL.*
- 12:30 Coloquio “As potencialidades profesionais no sector das Relacións Laborais”. Modera: **Dna. Asunción López Arranz**, Profesora contratada Doutora de Dereito do traballo e a seguridade
- 13:00 Peche do encontro
- 

O encontro vai dirixido principalmente aos estudantes da facultade de ciencias de traballo, así como a calqueira persona interesada en coñecer as funcións a desempeñar un titulado en relacións laborais dentro dunha empresa.